



## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-1802, con data de 29/07/2021, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de VIXIANTE DE OBRAS (Persoal Funcionario) do Concello de Redondela, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2019, na que establece o seguinte,

### “RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)* núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016 e núm.: 25, do 08/02/2021.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario de VIXIANTE DE OBRAS do Concello de Redondela, incluída na oferta de emprego público do ano 2019, publicáronse no BOPPO núm.: 210, do 30/10/2020.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 18/11/2020 e rematou o día 16/12/2020.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-0591, con data de 09/03/2021, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de VIXIANTE DE OBRAS (Persoal Funcionario), incluída na oferta de emprego público do ano 2019, que se publicou no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)* núm.: 53, do 18/03/2021.





O día 06/04/2021 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras resolver as alegacións que se presentaron contra esta lista provisional durante o antedito prazo, é polo que, de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas Bases Específicas desta convocatoria,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir neste proceso selectivo a Francisco Javier Carralero Gómez, con DNI núm.: \*\*\*\*\*081-A, a José David Couceiro Montes, con DNI núm.: \*\*\*\*\*741-N, a David Óscar Cruz Alonso, con DNI núm.: \*\*\*\*\*199-X e a Belén Tejo Fuentes, con DNI núm.: \*\*\*\*\*869-R e elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura dunha praza vacante de VIXIANTE DE OBRAS (Persoal Funcionario).

SEGUNDO: Designar o tribunal cualificador do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de VIXIANTE DE OBRAS (Persoal Funcionario), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: José Romero-Amich Nieto

Suplente: M.<sup>a</sup> de la Cruz Castro Quinteiro

SECRETARIO:

Titular: Xosé Ramón Mato Lodeiro

Suplente: Paloma Meno Rodríguez

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 4G3TSHXRSCGD42F7ZPN9K24A | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



VOGAIS:

Titular: Iván A. Ramos Lamas

Suplente: Juan Manuel Estévez Lamas

Titular: Victoria Romero Gil Delgado

Suplente: M.<sup>a</sup> José Bastos Alonso

Titular: M.<sup>a</sup> Dolores González Agustiño

Suplente: Alberto Crespo Cabaleiro

TERCEIRO: A data de constitución do tribunal cualificador deste proceso selectivo será o:

DÍA: 20/09/2021.

HORA: 09:00.

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 27/09/2021.

HORA: 10:00.

LUGAR: No Pavillón de Deportes "A Marisma", sito na Avenida Mendiño, núm.: 34, Redondela.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de constitución do tribunal cualificador e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.





SEXTO: Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

Redondela, 30 de xullo do 2021.

A alcaldesa,

Digna Rosa Rivas Gómez.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

